



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa **resposta escrita**, relativa á deturpación da toponimia oficial galega que practica a Armada española.


Documentación Oficial da Armada española, e mesmo a súa páxina web oficial (www.armada.mde.es) non só exclúe o idioma galego (a diferenza do español, inglés e francés) senón que practica a deturpación da toponimia galega. “La Coruña”, “La Graña”, “Punta Fajilda”, “Isla Quiebra” (será a illa da Creba, na ría de Muros e Noia?), “Puebla del Caramiñal”, “El Ferrol”, “Salvatierra”, “Sangenjo”, “Vivero” son algúns dos exemplos.

Mesmo unha unidade de instrución, con base na Escola Naval de Marín, bergantín-goleta, foi bautizado co nome de “Arosa”.

Estes motivos levaron ao Goberno de Galiza a se dirixir, de xeito oficial, con data de 20 de setembro de 2007, ao Ministerio de Defensa, demandándolle o rigoroso cumprimento e observancia da lexislación lingüística. Polo que se ve, con escaso éxito.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten coñecemento a Secretaría Xeral de Política Lingüística destes feitos?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2009 17:47
Nº Rexistro: 00818
Data envío: 12/05/2009 17:47:36.190

2.^a) Que medidas adoptará, perante o Ministerio de Defensa, para que esta institución militar, dunha vez por todas, acate a legalidade vixente en materia lingüística?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 12/05/2009 17:42:00